

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
10:00	Clases de Xuventude	Teatro musical Sénior	Clases de Xuventude	Teatro musical Sénior			
10:30					Teatro Empresarial A		
11:00							
11:30	Coro Sénior		Coro Sénior				
12:00						Teatro Musical	
12:30						Complementario	
13:00							
13:30							
14:00							
17:00	Teatro Musical Básico		Teatro Musical Básico				
17:30		Teatro Musical Elemental		Teatro Musical Elemental	Xestión da Emoción e a Palabra		
18:00							
18:30							
19:00							
19:30	Teatro Musical Preparatorio A	Teatro Musical Preparatorio B	Teatro Musical Preparatorio A	Teatro Musical Preparatorio B	Teatro empresarial B		
20:00							
20:30							
21:00							
21:30							

TEATRO MUSICAL ELEMENTAL: DOS 4 AOS 9 ANOS. Curso continuo de teatro musical no que os nenos e nenas iniciarán o seu percorrido no mundo do teatro musical dende a infancia dun xeito lúdico e intensivo. Traballarán na unión das disciplinas base do teatro musical; interpretación, canto e danza, adquirindo paralelamente os coñecementos técnicos de cada unha. Gozarán do teatro dun xeito organizado, flexible e práctico.

TEATRO MUSICAL BÁSICO: DE 9 A 14 ANOS. Clases de formación continuada de teatro musical. Os alumnos e alumnas continuarán a súa formación aprofundando nas técnicas de interpretación, danza e canto. Darán os primeiros pasos como futuros actores e actrices profesionais, traballando en gran parte, sobre as dinámicas da montaxe teatral. Nestas, unirán a interpretación coa danza e o canto, chegando a dominar a expresión artística na súa totalidade.

TEATRO MUSICAL PREPARATORIO: A partir dos 15 anos. Módulo semiprofesional no que os alumnos e alumnas completarán a súa formación, ou unificarán as disciplinas, de telas estudado anteriormente por separado. Este grupo está pensado para mozos e mozas que precisen preparar o acceso a Escolas Superiores de Arte Dramática, ou adultos que desexen formarse como actores de teatro musical.

TEATRO MUSICAL SÉNIOR: ADULTOS de tódalas idades que queiran practicar teatro e teatro musical dun xeito afeccionado. Bailaremos, cantaremos e actuaremos, o que nos servirá para mantermos en forma, mellorar o uso da voz e facer virtudes dos nosos maiores defectos. Axudaranos tamén a asumir e identificar as nosas emocións e sacarlles o mellor partido en forma de expresión artística.

TEATRO EMPRESARIAL: ADULTOS. Clases de teatro dedicadas a opositores, persoas con cargos de responsabilidade, empresarios ou traballadores en contacto co público, que realicen exposicións frecuentes e non se sintan cómodos; ou queiran mellorar as súas habilidades comunicativas. Tamén é o grupo que precisas se non sabes afrontar entrevistas de traballo ou cres que non encaixas nos "perfis" establecidos no mundo laboral.

CLASES DE XUVENTUDE: ADULTOS. Clases enfocadas a adultos de máis de 60 anos, dispostos a utilizar o teatro como elixir da eterna xuventude. Nestas clases, non só interpretaremos; tamén faremos exercicio para manter a boa saúde, potenciar a nosa beleza externa e interna e namorarnos de nós mesmos e os demais a través do teatro. Romperemos as nosas barreiras, prexuízos e medos que nos impiden gozar ao máximo da vida.

CORO SÉNIOR: ADULTOS. Clases de canto e coro que terán como obxectivo formar a primeira coral da Escola Galega de Teatro Musical. Centraremos o noso repertorio nas grandes zarzuelas da nosa historia, en versión orixinal e/ou adaptada, o repertorio popular galego e os grandes números corais do teatro musical. Unha coral divertida, diferente e moderna.

XESTIÓN DA EMOCIÓN E A PALABRA: ATA OS 14 ANOS. Mediante o teatro e a música, os alumnos e alumnas aprenderán a recoñecer as emocións e adestrar a propia intelixencia emocional. Esta práctica favorece o autoconhecimento e a empatía cos demais, dando ferramentas para identificar e transitar dunha emoción a outra, favorecendo así a comunicación asertiva e o diálogo democrático, no que teñen a mesma importancia participar, escoitar e xestionar os silencios.

TEATRO MUSICAL COMPLEMENTARIO: +18. Alumnos e alumnas matriculados en ensinanza artística superior, que busquen complementar os seus estudos con clases de teatro musical.

CLASES	HORAS SEMANAIS	PREZO	Nº DE PRAZAS
TEATRO MUSICAL ELEMENTAL	3h semanais	50 EUROS MES	7 prazas
TEATRO MUSICAL BÁSICO	4h	58 EUROS MES	7 prazas
TEATRO MUSICAL PREPARATORIO	4h (+ Reforzos)	62 EUROS MES	14 prazas
TEATRO MUSICAL SENIOR	4h	58 EUROS MES	7 prazas
TEATRO MUSICAL COMPLEMENTARIO	2h	50 EUROS MES	7 prazas
TEATRO EMPRESARIAL	2h	55 EUROS MES	7 prazas
CLASES DE XUVENTUDE	2h	38 EUROS MES	7 prazas
CORO SENIOR	2h	38 EUROS MES	10 prazas
XESTIÓN DA EMOCIÓN E A PALABRA	1h 30min	40 EUROS MES	7 prazas

O CURSO COMEZA O 1 DE SETEMBRO E REMATA O 31 DE XULLO. AS COTAS MENSUAIS SERÁN ABONADAS DURANTE A PRIMEIRA SEMANA DO MES, ESCEPTO O MES DE SETEMBRO, QUE TERÁ QUE SER ABONADO DURANTE AGOSTO PARA FORMALIZAR A RESERVA DA PRAZA.

OS ALUMNOS E ALUMNAS QUE COMECEN EN SETEMBRO NON TERÁN QUE PAGAR COTA DE MATRÍCULA. DE COMEZAR AS CLASES NOS MESES SUCEIVOS, O IMPORTE DA MATRÍCULA SERÁ DE 30 EUROS PARA OS CURSOS DE TEATRO E DE 20 PARA O RESTO.

O PRAZO PARA RESERVAR A PRAZA SERÁ DENDE O DÍA 17 DE AGOSTO AO 25 DE AGOSTO. AS PERSOAS INTERESADAS DEBERÁN ABONAR O MES DE SETEMBRO E ENVIAR A FOLLA DE MATRÍCULA DURANTE ESE PERIODO.

(DADAS AS DIFICULTADES ECONÓMICAS QUE O COVID-19 TEN PODIDO OCASIONAR A MOITAS FAMILIAS, PEDIMOS AOS PAIS E NAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS QUE XA CURSAN ESTUDOS NA NOSA ESCOLA, QUE FALEN CONNOSCO ANTES DE TER QUE TOMAR A DECISIÓN DE NON CONTINUAR NA ACTIVIDADE, PARA INTENTAR COLABORAR NO POSIBLE.)